

## PILATES APLICADO EN FISIOTERAPIA

Pablo Campo Prieto, Montserrat Gómez Oliveira, Iris Machado de Oliveira e  
Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador).

### Curso 2024-25

**Clases teóricas:** xoves de 13:00 a 15:00 horas.

**Clases prácticas:** xoves de 18:00 a 20:00 e venres de 10:00 a 14:00 horas.

## VALORACIÓN DA MATERIA

Para superar a materia, terase que acadar, polo menos, **5 puntos sobre os 10** posibles. No caso de suspender a materia, á convocatoria de xullo só se irá coas partes non superadas. A distribución global da cualificación da materia pódese observar no seguinte esquema:

	Porcentaxe	Puntos
<b>Parte teórica</b>	30%	<b>3</b>
<b>Parte práctica</b>	30 %	<b>3</b>
<b>Traballo final</b>	40%	<b>4</b>
<b>TOTAL</b>	100%	<b>10</b>

Para aprobar a materia, @ alumn@ deberá acadar 5 puntos nunha escala de 0 a 10 en cada unha das partes.

As **partes teórica e práctica** teñen un valor de **3 puntos**, cada unha delas, sobre a nota global. Para superalas, hai que acadar en cada unha delas, cando menos, 1,5 puntos.

A **parte teórica** será avaliada ben por avaliación continua (véxase o apartado de "cartafol/dossier" da *Guía docente*), ben mediante exame tipo test de 40 preguntas (véxase na *Guía Docente* da materia a fórmula que se seguirá).

A avaliación continua esixirá a asistencia **a un mínimo do 80% das clases**. Entrega ao final de cada clase, ou cando se estableza en función da actividade desenvolvida, das evidencias do traballo realizado ao longo da mesma. Ao final da docencia teórica, cada estudante terá que entregar un documento de avaliación da materia e do traballo desenvolvido, así como unha autoavaliación de si mesmo/a. No caso de non presentar este documento de autoavaliación, **descontaráselle ao/á alumno/a 0,5 puntos** da cualificación acadada nas outras actividades.

A avaliación mediante exame tipo test será obrigada para aqueles que falten máis de 4 horas de clase teórica ou para quen o elixa voluntariamente. Terá unha duración de 1 hora. O exame valorarase nunha escala de 0 a 10 puntos e despois transformarse o seu valor ao que lle corresponda segundo a porcentaxe da teoría na cualificación final da materia.

O profesores de lista de agarda e Rodríguez serán os responsables da teoría.

A **parte práctica** constará de 2 exames, un cos exercicios de Pilates en máquinas e outro cos exercicios en mat (tódalas preguntas terán o mesmo valor). Os exames prácticos tamén se valorarán na escala de 0 a 10 puntos, pasándose logo á escala que lle corresponda. Realizarase:

- Un **exame de exercicios Pilates en máquinas**: farase ao final das clases prácticas coas máquinas. Consistirá en realizar 1 exercicio elixido ao azar polo/a estudante, tendo 5 minutos para a súa contestación. Suporá un terzo da cualificación da parte práctica.
- Un **exame de exercicios Pilates en mat**: farase no día correspondente á convocatoria de xaneiro. Consistirá en realizar 2 exercicios elixidos ao azar polo/a estudante, tendo 10 minutos para a súa contestación. Suporá dous terzos da cualificación da parte práctica. Para presentarse a este exame práctico en mat, o/a estudante terá que presentarse primeiro ao teórico e ter feito o de máquinas.

Os profesores Machado e Rodríguez serán os responsables da parte práctica da materia. Sortearase a persoa a partir da que dará comezo cada un dos exames prácticos.

O **traballo final** terá un valor máximo sobre a nota final de **4 puntos**. Ter en conta as seguintes consideracións:

- A realización, exposición e defensa do traballo é obrigatoria para superar a materia, polo que será imprescindible presentar e defender o traballo nas datas establecidas ao inicio do cuatrimestre.
- Para o seu desenvolvemento e os temas sobre os que facer o traballo, véxase documento específico.
- Para a súa valoración e as características do traballo, véxanse a *Guía Docente* e documento específico.
- O traballo considerarase aprobado en caso de acadar, cando menos, 2 puntos nel.
- Os profesores Machado e Rodríguez serán os responsables dos traballos.